



Había unha vez vinte e cinco soldadiños de chumbo, irmáns todos, todos fundidos da mesma culler vella. De fusil ao lombo e ollada á fronte, así era como eran, coas súas guerreiras encarnadas e os seus pantalóns azuis. O primeiro que escoitaron na súa vida, cando se ergue a tapa da caixa na que viñan, foi: Soldadiños de chumbo! Fora un cativiño o que berrara, batendo palmas, pois eles eran o seu agasallo de aniversario. Deseguida os puxo de pé, nunha fileira enriba da mesa. Cada soldadiño era a cuspido aos outros, agás un que gardaba só unha pequena diferenza. Tiña unha perna soa porque ao fundilos quedara de

último e o chumbo non chegou para rematalo. Así e todo, velaí esta el, tan teso e firme sobre a súa única perna coma os outros sobre as dúas. E é a historia deste soldadiño a que vos imos contar.

Na mesa onde o neno fora aliñando os soldados había xa moitos outros xoguetes, mais o que máis interese espertaba era un extraordinario castelo de papel. Polas súas mínimas fiestras podían verse os salóns que tiña no interior. Á fronte había unhas arboriñas arredor dun espello pequeneiro. O espello facía ver que era un lago no que se reflectían, nadando, brancos cisnes de cera. O conxunto era fermoso, mais moito máis fermosa era unha xentil damiña que estaba en pé á porta do

castelo, tamén toda ela feita de papel, vestida cun traxe de muselina clara e vaporosa, cunha fita azul moi estreita anoada no ombro, a xeito de banda, na que lucía un abaloiro tan grande coma a súa face. A damiña tiña os dous brazos erguidos, pois era bailarina, e erguera tanto unha das súas pernas que o soldadiño de chumbo non podía ver onde estaba e creu que, o mesmo que lle acontecía a el, só tiña unha.

“Esta é a muller que me convén para esposa” dixo para si. “Pero olla para aí o fina que é! Se ata vive nun castelo! Eu, en cambio, non teño máis ca unha caixa de cartón que partillo con vinte e cinco: non é un lugar a xeito para ela. Sexa como for, e pase o que pase, hei tentar coñecela.” E deitouse todo ao longo detrás

dunha caixa de tabaco que estaba sobre a mesa. Desde esa posición podía ollala e comprobar que seguía estantía sobre unha soa perna sen perder o equilibrio.

Xa á noitiña, recolleron os outros soldadiños na súa caixa e a xente toda da casa foi durmir. A esa hora é sabido que os xoguetes comeza os seus xogos, reciben visitas, pelexan ou bailan. Os soldadiños de chumbo querían tamén participar naquel balbordo e esforzáronse por armar bruído dentro da caixa, pero non deron erguido a tapa.

Os quebranoces daban un pinchacarneiros que metían medo, e o xiz divertíase escribindo contos no taboleiro. Tanto ruído fixeron os xoguetes, que o canario espertou e aínda

achegou os seus rechouchíos en verso ao xeral escándalo que se formara. Os únicos que nin pestanexaron foron o soldadiño e a bailarina. Ela ficaba erguida sobre a punta do pé, cos dous brazos no aire e el, non menos firme, sobre a súa única perna e sen arredar nin un momento os ollos dela.

Nestas, o reloxo deu as doce badaladas que anunciaron a media noite e -crac!- a tapa da caixa de tabaco abriuse. Aínda que... vostedes han pensar que gardaba tabaco, ou non? Pois non, o que alí dentro había era un trasno negro, algo semellante a un boneco de mola.

“Soldadiño de chumbo!” berrou o trasno, “Quéresme facer o favor de non ollar para a bailarina?”

E o soldadiño fixo como se fose xordo.

“Está ben, agarda a mañá e has ver” dixo o trasno negro.

Ao outro día, cando os nenos da casa se ergueron, alguén puxo ao soldadiño de chumbo na fiestra; e fose por causa do trasno, fose por unha racha de aire, a fiestra abriuse de súpeto e o soldadiño caeu de cabeza desde o terceiro andar. A caída foi das boas, quérese dicir, que foi terrible. Alí quedou espetado no chan coa súa única perna en alto, descansando sobre o casco e coa baioneta chantada entre dúas laxas da rúa. A criada e o neno baixaron de contado a buscalo; pero aínda que a pouco estiveron de esmagalo, non o deron atopado. Se o soldadiño tivese berrado “Ei, aquí estou!”

terían visto. Pero el pensou que non era apropiado andar a berrar na rúa e que tiña que honrar o seu uniforme militar.

A seguir, botouse a chover, cada vez con máis forza, ata que a choiva se converteu nun trebón. Ao escampar, dous rapaces pasaron pola rúa e un deles exclamou: -“Vaia sorte! Aquí hai un soldadiño de chumbo! Ímolo facer navegar.” E construíron un barco cun xornal vello, colocaron ao soldadiño no medio e medio e alá marcharon barco e mariñeiro navegando na auga enxurrada da cuneta e avanzando pola rúa abaixo en canto os dous pícaros batían palmas e seguían o seu percorrido correndo á súa beira. Deus bendito! e que remuíños formaban as ondas na cuneta e que corrente



tan forte había! En fin, xa lle caera unha molleira que o enchoupara todo e agora o barquiño de papel choutaba cara arriba e cara abaixo, virando ás veces a tal velocidade que o soldadiño sentía vertixe. Malia todo, el continuaba, firme, sen mover un músculo, ollando cara adiante e co fusil ao ombro.

Cando menos o pensaba, o barquiño escoou por un sumidoiro ben grande, escuro como a propia caixa de cartón na que viñera.

“Gustaríame saber a onde hei ir parar!” pensou. “Poño algo a que o trasno é quen ten a culpa. Se, cando menos, a pequena bailarina viñese canda min, non me había importar que isto fose dúas veces máis escuro.”

Nese propio momento apareceuulle diante unha rata enorme, que vivía no túnel do sumidoiro.

“Onde tes o teu pasaporte?” preguntoulle a rata. “Veña, móstrame o pasaporte!”

O soldadiño de chumbo non dixo palabra, pero apertou o fusil contra o ombro con máis forza ca nunca. O barco precipitouse cara adiante, perseguido de preto pola rata. Ah! Era de ver como lle renxían os dentes e como lles berraba ás estaquiñas e ás pallas coas que ía topando.

“Detéñano!, Detéñano! Non pagou a peaxe! Non mostrou o pasaporte!”

A corrente foise facendo máis e máis forte e o soldadiño podía xa albiscar a luz do día alá no lugar onde remataba o túnel, pero tamén

escoitou ao tempo un son abouxador, capaz de desanimar ao máis destemido dos homes. Imaxinen que mesmo no lugar onde remataba o sumidoiro a auga precipitábase nunha canle inmensa. Aquilo era tan perigoso para o soldadiño de chumbo como podía ser para nós arriscarnos nunha lancha por unha ferverza inmensa. Para daquela estaba xa tan preto que non puido deterse e o barco abalanzouse na canle. O soldadiño de chumbo fiel á súa marcialidade mantívose tan dereito como puido; ninguén había dicir del nunca que pestanexara sequera. O barco deu dúas ou tres voltas, encheuse de auga ata o tope e estaba a piques de naufragar. O soldadiño tiña xa a auga ao pescozo; o barquiño afundía máis e máis e o papel de enchoupado que estaba

ameazaba con desfacerse. A auga íase pechando xa sobre a cabeza do soldadiño de chumbo... E este pensou na linda bailarina, á que non ía ver nunca máis, e unha vella canción resoou nos seus ouvidos:

*Adiante, valente guerreiro!*

*Adiante, que a morte te agarda!*

Aí foi cando o papel acabou de esnaquizarse e o soldadiño de afundirse, só para que, ao instante, un gran peixe o engulise. Oh! e que escuridade había alí de novo! Era aínda máis mesta ca no túnel e por riba estaba máis incómodo polo estreito do sitio. Pero o soldadiño de chumbo mantívose firme, sempre de fusil ao ombro, mesmo así como estaba deitado todo ao longo da barriga do peixe.

De súpeto, o peixe mexeuse, convulsionouse e deu unhas voltas tremendas, pero á fin ficou moi quedo. Ao pouco, un feixe de luz que parecía un relampo atravesouno todo; brillou novamente a luz do día e ouviu a alguén que berraba: “Un soldadiño de chumbo!”

O peixe pescárano, levárano ao mercado e vendérano e atopábase agora na cociña, onde a criada xa o abrira cun coitelo. Colleu con dous dedos ao soldadiño polo van e conduciuno á sala, onde todo o mundo quería ver a aquel home extraordinario que se dedicaba a viaxar de pasaxeiro nun peixe. O soldadiño, unha vez máis, non lle deu importancia ningunha a todo aquilo.

Puxérono enriba da mesa e alí... en fin, cantas cousas maravillosas poden acontecer nesta vida! O soldadiño atopouse no mesmo salón onde estivera de primeiras. E alí estaban todos: os mesmos nenos, os mesmos xoguetes sobre a mesa o mesmo fermoso castelo coa linda e grácil bailarina que aínda permanecía sobre unha soa perna e mantiña estendida a outra, moi alto, nos aires, pois, coma el, tiña sido firme. Isto conmoveu tanto o soldadiño que a piques estivo de chorar bágoas de chumbo, mais non o fixo porque chorar non lle cadraría a un soldado. Contemplouna e ela devolveulle a ollada; ningún dos dous deu chío.

De súpeto, un dos nenos agarrou ao soldadiño de chumbo e ceibouno de cabeza á cheminea.

Non tiña motivo ningún para facelo; era, naturalmente, aquel boneco de mola o que o inducira a iso.

O soldadiño achouse rodeado de resplandores, sentiu unha calor terrible, aínda que non soubo ben se era por causa do lume ou do amor. Perdera as súas cores brillantes, sen que ninguén puidese afirmar se a consecuencia da viaxe ou dos seus sufrimentos. Mirou á bailarina, e mirouno tamén ela e o soldadiño sentiuse derreter, pero continuou impávido co seu fusil ao ombro. Abriuse unha porta e a corrente de aire arrebatou á bailarina, que voou coma unha sílfide ata a cheminea e foi caer á beira do soldadiño de chumbo, onde ardeu nunha labarada súbita e desapareceu. Pouco

despois, o soldadiño acabou de derreterse. Cando á mañá seguinte a criada remexeu as cinzas, atopouno en forma de pequeno corazón de chumbo, e da bailarina non quedara outra cousa que o seu brillante abaloiro, agora negro como o propio carbón.



